

ORGANIZA:



AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE

Foro de divulgación e defensa do Patrimonio cultural, da natureza, artístico, monumental, e das tradicións populares do CONCELLO de CASTROVERDE, convidaos a participar e visitar o seu blog e no Facebook.

Éntrase por:

<http://amigosdopatrimoniodecastroverde.blogspot.com>

e no Facebook por:

Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde

COLABORAN:



Concello de
Castroverde

CPI
de
Castroverde



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Cultura



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO




Actividade nº 6

no C. P. I. de Castroverde organizado por
Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde
O Camiño Primitivo: A palabra e a música no camiño

Data: Febreiro e Maio de 2010

Lugar: Salón de Actos do C. P. I. de Castroverde

ASOCIACIÓN



Amigos
do Patrimonio de Castroverde.

SUMARIO

Actividade nº 6 no CPI de Castroverde

O Camiño Primitivo: A palabra e a música no camiño

Días: 4, 10, 25 e 26 de Febreiro e 28 de Maio

Conferencias

FEBREIRO

Día xoves, 4 de febreiro

De 13:25 h. a 14:15 h.

AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE

O Camiño Primitivo por Castroverde.

Día mércores, 10 de febreiro

De 15:25 h. a 16:10 h.

Acto arredor de Novoneira autor ao que se lle adica
o día das Letras Galegas no ano 2010

MARÍA INÉS CUADRADO

Axente das palabras: Chove para que eu soñe.

Día xoves, 25 de febreiro

De 15:25 h. a 16:10 h.

MIRO CASABELLA

No Bico un cantar...

Día venres, 26 de febreiro

De 13:25 h. a 14:15 h.

XOSÉ MARÍA GÓMEZ VILABELLA

Pasado, presente e futuro de Castroverde

A seguir presentación de:

Catálogo de fotos e artistas de Castroverde.

Érase unha vez Castroverde...

MAIO

Día venres, 28 de maio

Olimpiada Tecnolóxica

Tecnoloxía Verde no Camiño Primitivo

COLABORAN NESTAS ACTIVIDADES

María Inés Cuadrado López Graduada pola Escola Nacional de Arte Dramática de Bos Aires, complementou a súa formación con cursos sobre distintas técnicas como 'clown', máscara neutra, a palabra escénica, 'contact improvisation', danza, 'dance movement therapy', narración oral, cursos de guión de cine e TV, técnicas vocais para radio, produción de radio e entrevista xornalística, entre outros. Participou da actividade teatral alternativa da cidade argentina, integrando cooperativas para a autoxestión de proxectos e a apertura de novos espazos. Desde o ano 2001 reside en A Coruña.

Como docente ofreceu un seminario teórico práctico sobre poesía galega e un obradoiro sobre contos galegos na Universidade de Belgrano en Bos Aires, un obradoiro de técnicas para a narración oral na Universidade da Coruña e para a Asociación Panda, cursos de teatro na Fundación Wenceslao Fernández Flórez, obradoiros de recordos para o colectivo da terceira idade no Concello de Santiago, e obradoiros sobre a emigración para os institutos de Pontevedra coordinado pola AGER.

Como actriz, realiza espectáculos sobre contos, lendas e poemas para público infantil e adulto, ás veces en compañía dun músico. Participou nas series televisivas *As viaxeiras da Lúa* e *Rías Baixas*. Tamén colaborou con Cadena Ser Santiago lendo poemas e con Radio Oleiros como condutora e entrevistadora, e dirixindo o programa de contos *A media luz*.

Miro Casabella Cursa estudos en Ferreira do Valadouro e Lugo, Miro emigrou a Barcelona en 1964, cidade onde rematou o bacharelato e estudou na Escola de Arquitectos Técnicos. A experiencia catalá meteuno en contacto co movemento da Nova Cançó, que o marcou profundamente. O seu debut musical aconteceu no ano 1967 nesa cidade, acompañando a cantantes da Nova Cançó Catalá. O seu contacto co grupo *Voces Ceibes* tivo lugar a mediados do ano 1968, cando Benedicto e Xerardo Moscoso acudiron á capital catalá co gallo de gravaren os seus primeiros traballos. No ano 1969 coñeceu en Barcelona a Paco Ibáñez, con quen tivo unha longa amizade e ao que acompañou nos anos vindeiros en xiras polo Estado francés.

No ano 1970 participou no I Festival da Canción Ibérica, xunto con Paco Ibáñez, Luis Cilia, Xavier Ribalta, e José Afonso. Tamén nese mesmo ano tocou en París na Festa da Humanité, a festa do Partido Comunista de Francia.

A finais do ano 1974 o grupo *Voces Ceibes* decidiu finalizar o seu proxecto e dar comezo ao Movemento Popular da Canción Galega.

Nos anos seguintes, Miro participou en multitude de concertos e festivais, na Galiza e en todo a Península Ibérica, ademais de colaborar musicando pezas de teatro en galego e discos de historias para rapaces. A partir de 1976 a desaparición da censura franquista propiciou tamén a aparición dos seus primeiros traballos longos.

En 1977 viu a luz o disco *Ti, Galiza*, onde figura (con letra de Xosé Manuel Casado), *O meu país*, unha das súas cancións máis populares. Un ano máis tarde publicouse *Treboada*, A composición que dá título a este segundo disco está inspirada no *Cerimonial da Treboada* de Tomiño. Ámbolos dous traballos amosan unha peculiar mestura entre a canción de intervención social e a música tradicional, unha marca característica do autor, que ademais de inspirarse en formas populares e cantigas medievais, non desbota o emprego de outros instrumentos alén da guitarra, como a zanfona ou a harpa.

A finais dos anos 70, Miro entrou en contacto co grupo folk DOA, que lle propuxo colaborar no que ia ser o seu primeiro traballo, *(O son da estrela escura, 1979)*.

O último traballo individual do cantor foi o disco *Orballo*, do ano 2004, onde ademais de revisar algúns antigos temas, toca novamente a problemática social do pobo galego dende unha perspectiva contemporánea, cunha canción dedicada ao *Prestige*. Ese disco e o feito de seguir participando en concertos, convérteno no último representante de *Voces Ceibes* en activo, tras a morte de Suso Vaamonde e o abandono da carreira musical do resto dos seus formantes.

Xosé María Gómez Vilabella A Gómez Vilabella definiuno o ilustre Manuel María no soarego que lle fixo para o seu libro *¿Pódese pasar?* como 'un milmañas'. Con só os estudos de Primaria fixo dous anos de 'Mestre de a ferrado' e tamén foi zoqueiro. Estivo tres anos de mecanógrafo no Consello Supremo de Xustiza Militar, aproveitados para preparar oposicións de Banca. O xeneral Martínez Campos (fillo), entón presidente da Real Academia da Historia, deulle o carné de investigador nº 6, que lle permitiu desempeñar atados no A.H.N., dos que tirou, aos 21 anos, o seu libro *Castroverde. Bosquejo Histórico Geográfico*. Desde entón non parou de traballar, de estudar e de publicar. Os estudos, por nocturno, por libre e pola UNED. Aos 26 anos era director da sucursal do Banco Exterior de España en Sidi Ifni. Incorporado ao 'Batallón da gabardina', como somatenista, participou na defensa do Banco na guerra de 1957/58 e foi condecorado polo Exército. No Banco Exterior estivo destinado, posteriormente, en Aaiún, en Xixón e na Coruña, onde se retirou. Na Coruña tivo unha asesoría fiscal.

Publicacións: *Castroverde, Juventud Bancaria, Cacería de ciclóstomos en Ifni, Historias Intra da Bisbarra Castroverde, Pol e Baleira, ¿Pódese pasar?, De mámoas e talaíots, Aqueles mestres, As feiras de Castroverde no século XX e Se eu mandase, ¡ai daquela!*, obra de teatro estreada polos xubilados de Pol. Ademais é autor de artigos e series en varios medios: El Progreso, ADIALA do C. Galego de Mallorca, etc...

Colabora asiduamente no caderno de bitácora ["http://amigosdopatrimoniodecastroverde.blogspot.com"](http://amigosdopatrimoniodecastroverde.blogspot.com). No seu propio, ["http://josemariaomezvilabella.blogspot.com"](http://josemariaomezvilabella.blogspot.com), saen dous libros de tema africano, *Ifnada* e *Operación: Cuñada*, en castelán. No de publicacións en galego étrase por ["http://gomezvilabella.blogspot.com"](http://gomezvilabella.blogspot.com). Conferencias, pregóns, "cicerone" na bisbarra de Castroverde, etc...